

CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR EN FOTOGRAFÍA EN CURSO 2017-2018

Fotografía en curso é un programa de difusión e pedagogía da creación fotográfica dirixido principalmente a nenos e mozos de entre 8 e 18 anos, implicando diferentes axentes e ámbitos: museos e centros de arte, fotógrafos, docentes, centros educativos, barrios e municipios.

O programa comezou en 2012 cun triplo obxectivo: transmitir a fotografía como arte, cultura e creación; propiciar o descubrimento do patrimonio fotográfico e a fotografía contemporánea; e xerar un retrato do territorio a través dunha proposta de prácticas creativas compartidas.

O programa desenvólvese a través de catro grandes eixes de acción:

- A web www.fotografiaencurso.org, onde teñen un papel central o apartado dedicado ao descubrimento de fotógrafos moi diversos (e a interacción coas súas fotografías) e o de exposición das fotografías realizadas polo alumnado.
- A formación dos docentes.
- A definición dun programa de prácticas fotográficas compartidas que permiten a iniciación á fotografía, o descubrimento da contorna e o intercambio entre alumnado de contextos sociais e xeográficos diversos.
- Proxectos fotográficos nos centros educativos a partir da formación impartida aos docentes e, nalgúns casos, de obradoiros impartidos no centro educativo conxuntamente cun fotógrafo

A fotografía necesita un público sensible e inqueda, interesado por descubrir manifestacións artísticas e culturais diversas. É necesario formar espectadores creativos, que sexan quen de xerar un xuízo autónomo e que teñan afán de coñecemento; capaces de analizar as imaxes, reflexionar sobre o que expresan e comprender as eleccións que conteñen; deben ser tamén capaces de gozalas como experiencia estética.

A transformación da mirada a través da práctica fotográfica (estreitamente vinculada ao visionamento de fotografías) ten ademais un valor engadido: aprendendo a fotografar non só se aprende a crear e a expresar; tamén se aprende un xeito de relacionarse co medio. Mirando a través da cámara, buscando unha fotografía no real, encadrando, establécese un vínculo íntimo e cada vez único co mundo. A fotografía crea lazos afectivos co medio e estimula a súa posta en valor. E do mesmo xeito que as fotografías realizadas vinculan coa realidade próxima, a capacidade da fotografía de dar a ver o mundo, de achegar realidades máis ou menos afastadas, convértena nun medio de coñecemento privilexiado. Neste sentido, a fotografía ten un potencial pedagóxico incalculable

Equipamento: trabállase coas cámaras fotográficas dos centros educativos.

Formación dos docentes: Desenvólvese un programa de formación distribuído en 3 sesións ao longo do curso, entre outubro e abril. Desenvólvense contidos prácticos, metodolóxicos e instrumentais, e intercámbianse experiencias entre os docentes participantes.

A asistencia dos docentes a todas as sesións de formación é imprescindible para o desenvolvemento do proxecto.

Calendario de formación de Fotografía en curso 2017-2018:

Xoves 19 de outubro (16.00 a 20.00h): CFR de A Coruña

Martes 6 de febreiro (16.00 a 20.00h): CFR de A Coruña

Luns 12 de marzo (16.00 a 20.00h): CFR de A Coruña

Duración e desenvolvemento: *Fotografía en curso* parte dun programa de prácticas e visionamentos compartidos por diversos centros educativos e dunha metodoloxía común elaborada ao longo destes anos.

Os docentes, a partir da formación inicial no mes de outubro e das formacións posteriores, desenvolven de modo autónomo o proxecto na aula co apoio do equipo de *Fotografía en curso*.

Fotografía en curso permite facer extensivos os materiais e metodoloxías ao conxunto do centro, co obxectivo de que a arte e a creación teñan un lugar importante no proxecto de centro.

A duración do programa é de todo o curso, e, no caso de que o proxecto o requira, valorarase a posibilidade de traballar cun fotógrafo no centro educativo (a partir do mes de febreiro entre 6/7 sesións).

Web e blogue de *Fotografía en curso*: O día a día do proxecto, as reflexións dos alumnos, os procesos de creación e as prácticas que se desenvolven ao longo do curso trabállanse desde a web de *Fotografía en curso*
<http://www.fotografiaencurs.org/gl>

Os alumnos teñen a oportunidade de intercambiar experiencias e impresións cos compañeiros doutros centros.

Todo este traballo na web e blogue é xestionados polos docentes a partir de álbumes, fotografías, textos e materiais xerados polo alumnado. O equipo de *Fotografía en curso* proporciona o soporte técnico necesario.

Os centros que se presentan á convocatoria comprométense a desenvolver este traballo.

SOLICITUDES

Priorizaranse centros públicos

Límite de centros participantes: 6

Alumnado ao que vai dirixido: primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos

Límite de docentes participantes por centro: 3

Límite de alumnado participante por centro: sen límite

Requisitos de participación:

As características do programa requiren as seguintes condicións:

- Alumnado desde primaria, ESO, bacharelato e ciclos formativos.
- Horarios:

- Facilitade para organizar saídas fora do centro
- No caso de que se desenvolva un obradoiro con fotógrafo, dispoñer de xornadas longas de traballo (5 horas) en todas as sesións conxuntas co fotógrafo (6 ou 7 sesións).
- Docentes:
 - É imprescindible a asistencia dos docentes ás tres xornadas de formación na Coruña.
 - Implicación dun mínimo de 2 docentes e un máximo de 3 (deberase xustificar a necesidade de incluír máis docentes).
 - Previsión da dedicación do docente responsable do proxecto tanto para o traballo cos alumnos como para a coordinación, a xestión dos materiais na web e as demais tarefas.
 - Capacidade de vehicular contidos transversais a través do proxecto.
- Interese xeral do centro en participar no proxecto e en aproveitar os recursos para o alumnado e os docentes que non participan directamente no proxecto.
- Requisitos técnicos: o centro debe dispoñer dunha cámara fotográfica e conexión a Internet para traballar dende a web de *Fotografía en curso*.

Criterios de selección:

Seleccionaranse 6 centros educativos atendendo ao cumprimento dos requisitos de participación descritas no punto anterior que se deberán explicar na solicitude.

Ademais se valorará:

- Presentación do centro: características e traxectoria.
- Motivacións do centro para participar no proxecto.
- Posibles propostas de organización (curso, número de alumnos, horarios, materias ou áreas nas que se enmarcaría o proxecto, etc.)
- Motivacións persoais dos docentes directamente implicados.
- Valorarase a capacidade de articular contidos transversais a partir da fotografía
- Capacidade de implicar a institucións e entidades locais.

No caso de que varios proxectos considérense igual de interesantes, utilizaranse os seguintes criterios adicionais:

- Centros educativos situados en contextos socioeconómicos ou xeográficos fráxiles.
- Centros educativos de nova creación.
- Prioridade dos centros públicos

Actividades e recursos:

• **Formación:** de carácter obrigatorio, curso de 17h de formación para o profesorado participante en modalidade mixta (12h presenciais na cidade da Coruña repartidas en 3 días + 5h de formación a distancia). Curso incluído no plan anual de formación para

profesorado.

• **Web de referencia:** <http://www.fotografiaencurs.org/gl> e **intercambio** entre o alumnado mediante o blogue nesta web.

Produto final

- Varias prácticas e proxectos fotográficos
- Exposición final na web de fotografía en curso.
- Supeditado a financiación: publicación ou exposición en centros culturais locais.

Recursos materias que ofrece

- material didáctico específico elaborado para acompañar os proxectos (documentos e imaxes de referencia)
- web de acompañamento
- préstamo de equipo profesional no caso de que o centro traballase con fotógrafo

Solicitudes e procedemento

A solicitude se fará a través da plataforma do Plan Proxecta ata o 2 de outubro: <http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>. O 11 de outubro comunicaranse os centros admitidos.

Para calquera dúbida ou problema no proceso pódese contactar con:
monica.garcia.iglesias@xunta.es Tel.: 881 881 269